



## CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
**WWW.ORDES.GAL**

### CERTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**MARTA VÁZQUEZ GAREA**  
**SECRETARIA DO CONCELLO DE ORDES**

**CERTIFICO:** Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de setembro de 2026 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

#### **10. CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2026-2027**

**Exp. 2026/A011/000002**

*Expediente de convocatoria pública de axudas para material escolar para o curso 2026-2027 (Expdte. 2026/A011/000002).*

*Vistas as Bases reguladoras da concesión das axudas.*

*Visto o disposto na Base 58ª (Axudas e subvencións públicas) de execución do orzamento municipal 2026.*

*Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro e na Lei 9/2007, de 13 de xuño.*

*Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 19 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:*

*1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 326.480.01 do orzamento municipal para 2026, por importe de EUROS VINTE E CINCO MIL (25.000,00 €).*

*2º.- Aprobar a convocatoria de axudas para material escolar para o curso 2026-2027, así como as súas bases reguladoras.*

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

V. e pr.  
O ALCALDE-PRESIDENTE

José Luis Martínez Sanjurjo

A SECRETARIA

Marta Vázquez Garea  
(Resolución do 01/06/2026 da DXAL)



## **CONCELLO DE ORDES**

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
**WWW.ORDES.GAL**